



DATOS IDENTIFICATIVOS

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I

Materia	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I			
Código	O04G240V01102			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	del Río Rama, María de la Cruz			
Profesorado	del Río Rama, María de la Cruz			
Correo-e	delrio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Profúndase nos fundamentos teóricos que integran o sistema conceptual da Economía da Empresa. Subsistemas Funcionais da empresa (dirección, político, cultural, humano e técnico).			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C5	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas
C11	Identificar os procesos operativos en empresas turísticas.
D1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D3	Creatividade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Obter os coñecementos necesarios que lle capacitan para o desenvolvemento da actividade profesional no ámbito da Xestión de Empresas Turísticas	A1	C1 C5

Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos	A2	B3	C11
		B8	
Utilizar as Tics necesarias para o manexo e obtención de información e datos relevantes para a toma de decisións	A3	B1	
Manexar adecuadamente as capacidades adquiridas relacionadas co desenvolvemento das súas aptitudes, necesarias para exercer a profesión no sector turístico	A4	B5	D1
	A5	B7	D3
		B8	

Contidos

Tema

Breve descripción do contido: fundamentos teóricos que integran o sistema conceptual da Economía da Empresa. Subsistemas Funcionais da empresa (dirección, político, cultural, humano e técnico). Estes contidos desenvólvense mediante o seguinte temario:

PARTE I: FUNDAMENTOS DA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 1: A EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 2: A CONTORNA DA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 3: A FUNCIÓN DE PLANIFICACIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .

PARTE II: ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS .

TEMA 4: A FUNCIÓN DE ORGANIZACIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 5: A FUNCIÓN DE DIRECCIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 6: A FUNCIÓN DE CONTROL NA EMPRESA TURÍSTICA .

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	15	0	15
Seminario	3	0	3
Lección maxistral	29	0	29
Traballo	0	28	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	69	71
Estudo de casos	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Seminario	Mecanismo non presencial de atención do alumnado (titorías): en todas as modalidades, presenciais ou non presenciais, as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia) baixo a modalidade de acordo previo.
-----------	---

Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---

Traballo	Realización dun traballo autónomo en grupo. Elaborarase ao longo de todo o cuadrimestre e presentarase ao final do mesmo.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8	D1 D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación da asimilación de coñecementos	70	A1		C1 C5 C11
Estudo de casos	Realización de dous casos prácticos ou análises de situacións.	5	A2 A4	B1 B3 B5	C1 C5 C11

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Avaliación non continua, cun exame final que incluíra contidos teórico e / ou práctico mediante preguntas que poden ser tipo test, curtas, de desenvolvemento ou estudos de casos. Esta proba é destinada a avaliar a comprensión dos conceptos adquiridos na materia, asumindo o 100% da nota, e avaliar así, tanto os conceptos de materia, como a claridade da exposición e a utilización gramatical e ortográfica correcta usados naquelas partes que o requiran. - Avaliación continua, a realización das actividades dependerá en gran medida do número de alumnos, medios para traballar en grupo, etc. Estas probas de avaliación continua estarán dirixidas a avaliar as actividades desenvolvidas polo alumno ao longo do desenvolvemento das clases, nas que se valorará a correcta realización das tarefas encomendadas, que poden incluír a resolución de cuestionarios, estudos de caso, traballos individuais ou en grupo, y la realización e exposición oral de traballos dalgúns dos temas acordado co profesor. Neste bloque presencial poderase valorar a participación do alumno. - As características concretas do exame final, tanto na avaliación continua (convocatoria de xullo) como na non continua, serán detalladas por parte dos profesores da materia (na clase e a través da plataforma Tema) con anticipación o mesmo e no marco dos prazos legais establecidos pola Universidade de Vigo. - Os estudantes para aprobar a materia deben obter por un u outro sistema de avaliación unha nota igual ou superior a 5 puntos, sendo obrigatorio en tódolos casos superar o exame final (ou os parciais en caso de ser ofertados). - En todos os exames será obrigatorio identificarse de forma oficial (DNI, pasaporte) e esta prohibida a tenencia de móbiles, smartphones, calquera outro dispositivo electrónico, mesmo cando estean apagado ou en repouso. Incumplir estas dúas condicións invalida a convocatoria para o cal este concorrendo. - Datas e horarios de probas de avaliación de diferentes chamadas especificanse no programa de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-2021. No caso de conflito ou disparidade entre as datas das probas prevaleceran as sinaladas na web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Inmaculada Martín Rojo, **Dirección y Gestión de Empresas del sector Turístico**, Ed. Pirámide, 2000

Raquel Arguedas y M^ª Teresa Noguerras, **Planificación, Dirección y Gestión Financiera de Empresas Turísticas**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2007

Bibliografía Complementaria

Eduardo Parra López; Francisco Calero García, **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**, Ed. McGraw Hill, 2006

Cristóbal Casanueva Rocha; Julio García del Junco; Francisco Javier Caro González, **Organización y Gestión de Empresas Turísticas**, Editorial Pirámide, 2000

Recomendacións

Outros comentarios

- Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que hai que levar a cabo co alumno na materia e está concibida dun xeito flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo destinatario real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, facilitarase aos estudantes información e orientacións específicas que sexan necesarias en todo momento do proceso de aprendizaxe.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías de ensino: as metodoloxías incluídas na guía para ensinar a materia na modalidade presencial (clase maxistral e estudo de caso) mantéñense se a materia se imparte tanto na modalidade mixta como non presencial. No caso da modalidade non presencial, a actividade docente impartirase a través do Campus Remoto da uvigo e a plataforma Faitic utilizarase como é habitual para proporcionar o material necesario aos estudantes.

* Mecanismo non presencial de atención do alumnado (titorías): en todas as modalidades, presenciais ou non presenciais, as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia) baixo a modalidade de acordo previo.

* Bibliografía adicional para facilitar a autoaprendizaxe: facilitarase a través da plataforma de teledocencia Faitic.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

- Mantense a avaliación contida na guía para a modalidade presencial.

- As probas realizaranse de xeito non presencial (en liña) a través das plataformas que a universidade habilita para este fin.
